

ÓPTICA MIÑOCA

(Centro Óptico Urigüen, S.L.)



Cheguei á conclusión de que a única maneira de exercer as miñas especialidades era montando o meu propio centro óptico

Carmen Piedra Urigüen

Datos básicos

Actividade:	Óptica
Sector de actividade	Servizos de atención sanitaria, personal e física
Nº empregados	2
Inversión inicial	90.150 €
Financiamento inicial:	Fondos propios: 36.000 €. Leasing maquinaria: 10.500 €. Empréstimo: 30.000 €. Provedores: 13.500 €.
Web:	
Municipio:	Vigo, Pontevedra
Ano creación:	1998

Descrición do proxecto

Temos un establecemento de óptica cunha estratexia de diferenciación respecto aos centros convencionais baseada nos seguintes servizos de optometría:

- 1) Tratamento de redución da miopía mediante lentes de contacto (ortoqueratoloxía).
- 2) Topografías (mapas corneais)
- 3) Exames visuais adaptados e especializados para discapacitados psíquicos.

Ademais plantexamos un trato distinto aos clientes, entre os que se inclúe ao colectivo xordo, con quen nos comunicamos na linguaxe de signos.



Datos empresa

Claves do éxito

- Meticulosidade no plano profesional; temos marcado como obxectivo reducir a cero os erros de diagnóstico.
- Coidar o trato co cliente, mimándoo como nos vellos tempos.
- Desde o principio tívose claro que se o local ten unha imaxe atractiva ao igual que os escaparates, os clientes entrarían a pesar de ser un máis.

Situación actual

Evoluciona ben. Imos medrando, sobre todo no paciente xenérico, e pouquiño a pouco nos discapacitados psíquicos. Xa pasamos a ser dúas persoas traballando, así que estamos contentos e con moitas ganas de traballar cada día máis.

Seguín formándome en "o coidado e a visión en discapacitados psíquicos" e agora mesmo combino o traballo cun máster en optometría comportamental, adestramento visual e contactoloxía en Madrid.

Perfil cliente

- Persoas con idade entre 30-40 anos, traballadores de clase media que viven na zona próxima á óptica, o que non evita que acudan clientes de toda a cidade gracias o boca-oído.
- Persoas con minusvalías.



Idea inicial

Tras ter realizado uns cursos de especialización en dous temas concretos: redución da miopía mediante lentes de contacto (ortoqueratoloxía) e exame visual en discapacitados psíquicos, cheguei á conclusión de que a única maneira de exercer estas dúas disciplinas era montando o meu propio centro óptico. Isto débese a que se necesita certo material específico e tempo para atender aos pacientes, algo que é moi difícil de obter cando se traballa por conta allea.

Principales dificultades y amenazas futuras

Encanto as dificultades iniciais:

- A óptica está asentada nunha zona de recente urbanización. Existe unha zona axardinada (Mercado da Miñoa), que de momento está moi abandonada. O seu acondicionamento e mellora permitiría unha afluencia maior de clientes.

- Ante a falta de persoal, non podíamos desprendernos a curto prazo das tarefas que tiñamos que realizar na óptica e que nos impedían realizar unha acción comercial forte dirixida a colectivos específicos de minusválidos psíquicos e sensoriais.

Encanto a ameazas, poderíamos falar da competencia. En particular, un novo local abriu as súas portas recentemente nas inmediacións do noso.

Perfil promotores

Carmen Piedra é diplomada en óptica e optometría, en Madrid. Realizou cursos de saúde visual en discapacitados psíquicos, tratamento de redución de miopía e ortoqueratoloxía.

A empresa conta cun socio máis.

Aptitudes necesarias

Ser traballador, ter ganas e ilusión, crer nun proxecto e ser positivo no día a día.



Guía de Actividad

Servizos personais da saúde : Óptica (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si. O curso LANZA en Ourense, e considero que me foi moi útil.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Sen dúbida. Creo que se hai tantas empresas pequenas que pechan en pouco tempo é porque a maior parte delas non desenvolveron un plano de viabilidade en condicións.

Anecdotalio

Durante moito tempo (9 meses) os días na óptica eran duros, porque cando abres un negocio por primeira vez, non tes clientes pero sen embargo tes moitas facturas. Todos os días, sen excepción, mirábame ao espello e dicía: "si Carmen,; hai que ser positiva...". E cando aínda así eu estaba baixa de moral, un compañeiro do curso LANZA repetíame e repetía "positiva...positiva".

Ao principio necesitas un pouco de forza e ánimo adicional, pero se traballas, os resultados non acostuman ser moi malos.

